

# ILP para a DEFENSA do BOSQUE AUTÓCTONO e a LOITA contra os INCENDIOS

Foto: Tania Gómez Mourelle


## PARA DARMOS UNHA OPORTUNIDADE AO NOSO MONTE

ALIANZA POR UN RURAL GALEGO VIVO
























## AS RAZÓNS desta Iniciativa Lexislativa Popular...

- 🔥 Pola imparábel extensión do eucalipto, que xa ocupa máis de 500.000 hectáreas, duplicando o previsto polo Plano Forestal vixente para 2032.
- 🔥 Porque esta árbore esténdese xa polo 17% do total de Galiza, de xeito de que 1 de cada 5 metros cadrados de territorio está ocupado por un eucalipto.
- 🔥 Porque lumes e eucaliptos teñen relación directa: a información oficial amosa que os eucaliptais arden 3,55 veces máis que os bosques de frondosas.
- 🔥 Pola recente desregulación da biomasa que aumentará a presión para forestar enormes superficies con cultivos enerxéticos (Eucalyptus nitens, Pawlonia, Liquidambar, bambú...) moitas delas especies invasoras.
- 🔥 Polo actual modelo produtivo intensamente forestalista para o monte galego, baseado en aproveitamentos de baixo valor engadido.
- 🔥 Polo dominio dos monocultivos de especies alóctonas e pirófilas para pasta, aglomerado e proximamente biomasa, concentrados en moi poucas mans.
- 🔥 Pola baixa diversificación e multifuncionalidade nos usos do monte, que devén na existencia dun monopolio dominado polas empresas pasteiro- enerxéticas.
- 🔥 Porque se está a favorecer o absentismo e o abandono da actividade agrogandeira que condena a moitos montes e terras agrarias ao eucalipto e finalmente ao lume.
- 🔥 Pola escasa superficie de montes de xestión pública cuxa vocación debería ser a conservación dos hábitats naturais, a biodiversidade e a redución do impacto dos lumes forestais.
- 🔥 Porque despois de 25 anos, seguimos sen un inventario de masas frondosas autóctonas.
- 🔥 Polo deterioro dos servizos ecosistémicos (fertilidade, dispoñibilidade de auga, biodiversidade, etc.) que provocan os monocultivos e os lumes.
- 🔥 Porque o actual modelo forestal amplifica os impactos do cambio climático.



## AS PROPOSTAS desta Iniciativa Lexislativa Popular...

-  Fomento da conservación, a investigación, a multifuncionalidade e a sustentabilidade económica e social.
-  Incremento da xestión pública dos montes.
-  Apoio e protección aos montes veciñais en man común.
-  Pulo ás UXFOR fronte ás SOFOR como xeito preferente de xestión dos montes privados.
-  Moratoria indefinida para novos plantíos de Eucalyptus e prohibición na RGEP (Rede Galega de Espazos Protexidos). Programa de redución progresiva da superficie deste xénero.
-  Prohibición dos cultivos forestais de especies exóticas como o Eucalyptus nitens, robinias, acacias, Pawlonia e bambús, algunhas delas invasoras. Erradicación da RGEP.
-  Eliminación das plantacións ilegais en terras agrarias e dos eucaliptos fóra de ordenamento, fomentando a incorporación destas superficies ao Banco de Terras.
-  Porcentaxe de reserva ecolóxica para bosque nativo en plantacións forestais: o 30% en eucaliptais, o 20% en coníferas e o 10% en frondosas.
-  Marco mínimo de plantación para eucaliptais de 4x4m e 20% da masa con ciclo de corta maior de 30 anos.
-  Ruptura masas monoespecíficas con faixas de separación de 100m por cada 50ha de eucaliptos e 50m cada 50ha de piñeiros.
-  Os cultivos forestais destinados a biomasa deberán ter turnos maiores de 10 anos.
-  Maior limpeza nas operacións forestais e retirada subsidiaria das plantacións abandonadas (máis de 3 aproveitamentos).
-  Recuperación dos 100m de anchura para as redes secundarias de xestión da biomasa na loita contra os lumes.
-  Incremento das distancias das plantacións forestais a terras de cultivo, ríos, zonas habitadas, vías de comunicación, etc.
-  Promoción do pastoreo e a gandería extensiva como elemento natural de desbroce e prevención de incendios.
-  Perímetro de exclusión 50m das plantacións forestais aos xacementos arqueolóxicos.
-  O PLADIGA será anual e aprobarase no último trimestre do ano anterior ao de aplicación.
-  Realización urxente do Inventario de masas de frondosas autóctonas pendente dende 1992.
-  Fomento da silvicultura con madeiras de calidade.
-  Apoio ás iniciativas de transformación dos produtos do bosque: mobéis de calidade, artesanía e derivados, cogomelos, etc.
-  Axudas directas e exencións fiscais para o mantemento dos bosques autóctonos, mesmo com fins non produtivos.

**TI PODES CONTRIBUIR  
Á DEFENSA DO NOSO MONTE  
ASINA XA!**

**LUMES  
NUNCA  
MAIS!!!**

**ALIANZA POR UN RURAL GALEGO VIVO**

